

INFORME SOBRE O ENDEBEDAMENTO DA USC

Neste informe pretendemos expor, de forma resumida, todo o que ten que ver co endebedamento da USC, analizando as súas causas e orixe, evolución e situación actual. Neste caso referirémonos unicamente ao endebedamento bancario, tendo a súa disposición nesta páxina outro *informe sobre os anticipos reembolsables*. Ver tamén cadro adxunto.

Á hora de analizar o endebedamento da USC consideramos importante empezar explicando porque a USC necesitou endebedarse no marco do Plan de Equilibrio Económico Financeiro, para o que debemos remontarnos á liquidación do exercicio 2001.

Aínda que a liquidación do orzamento do 2001 se aprobou en equilibrio, as cifras do seu contido puñan de manifesto que xa nese exercicio a diferenza real entre ingresos e gastos da USC era importante. Como quedou reflectido no [Informe de Auditoría 2001](#), na liquidación dese ano non se incluíron gastos executados por importe de 5,6 millóns de euros -dos cales incluso 3,6 eran gasto executado xa no exercicio 2000-, ao tempo que se incluíron 6 millóns da operación Galeras, aínda non materializada, coa finalidade de igualar ingresos e gastos. **É dicir, a liquidación do ano 2001 reflectía que a diferenza entre ingresos e gastos reais da USC nese ano estaba ao redor dos 11 millóns de euros.**

A esta cantidade o Informe de Auditoría engadía tamén dereitos pendentes de cobro de difícil recuperación por importe de 1,7 millóns de euros, que consideraba deberían ser anulados porque dificilmente poderían ser cobrados. Ao final, no 2003, no proceso de saneamento das contas da USC, tivéronse **que anular dereitos recoñecidos pendentes de cobro correspondentes aos exercicios 1995-2000, por importe de 7,4 millóns de euros**, que estaban aínda activados pero que resultaba imposible o seu cobro.

Así mesmo, tamén nos exercicios posteriores ao 2002 se tivo que facer fronte a pagamentos de obras xa executadas ao final do ano 2001. Sirvan como exemplos o pagamento de 2,4 millóns de euros con cargo ao orzamento do ano 2003 polas obras complementarias, reformado e liquidación da Biblioteca Concepción Arenal, ou os 1,2 millóns de euros pagados entre 2002 e 2003, polo Complexo docente de Lugo.

Xunto con todo o anterior, esa diferenza real entre ingresos e gastos da USC, que xa foi importante no ano 2001, agravábase para o exercicio 2002. Nese ano prorrogouse o orzamento do exercicio anterior polo que non se cadraron realmente a diminución real dos ingresos nin as derivas de determinados gastos. **No 2002 o plan de financiamento vixente daquela achegou á USC case os mesmos recursos que no ano anterior**, subindo o achegado pola Xunta só o 0,14%, sen compensar sequera a suba do IPC -do 4%- ou a suba salarial fixada para o persoal -2%-. Á súa vez, **os ingresos por matrícula diminuíron un 1,16%**. En contraposición, **centrándonos só nos gastos de persoal, no ano 2002 medraron un 6,69%**, na parte que se financia con recursos

propios, respecto do ano anterior, froito entre outras cousas das prazas creadas con anterioridade durante o proceso de aprobación da Ley Orgánica de Universidades.

En resumo, a diferenza entre ingresos e gastos que xa era unha realidade, aínda que non explicitada no ano 2001, agravábase considerablemente no 2002, pola evolución dos ingresos e gastos e a prórroga do orzamento.

Xunto ao anterior, **a USC posuía con data do 31/12/2001 un endebedamento bancario si explicitado por importe de 7,6 millóns de euros**, que tiña a súa orixe nos investimentos asociados ao Plan de Optimización Enerxética (POE).

Co cambio de goberno de xuño do 2002 iníciase un proceso de análise da situación real da economía da USC así como das súas perspectivas. Froito desa análise cuantifícase a diferenza real entre os ingresos e gastos así como a súa evolución inmediata, avaliando as posibilidades ao respecto.

Na medida en que **a única alternativa real da USC** para corrixir ese desfase era actuar sobre os gastos, dado que os ingresos na súa case totalidade veñen decididos externamente, e iso **implicaba necesariamente diminuír os gastos de persoal rescindindo contratos nunha cantidade moi importante**, óptase por planificar un proceso gradual para equiparar os ingresos e os gastos, cubrindo durante ese período as diferenzas mediante débeda. Elabórase así o coñecido como Plan de Equilibrio Económico Financeiro -PEEF-, negociado coa Comunidade Autónoma e aprobado polos órganos de goberno da USC no primeiro trimestre do ano 2003.

Nese Plan, no que xa se contemplaban medidas de axuste importantes no propio ano 2003 para reconducir a situación, a USC comprométese a acadar no horizonte do ano 2006 un equilibrio entre ingresos e gastos, permitíndoselle recorrer transitoriamente ao seguinte endebedamento: 9,5 millóns para cubrir o desfase do ano 2003; 13,5 millóns para cubrir o correspondente ao ano 2004; e, 6,6 millóns para o ano 2005. Adicionalmente, no ano 2004 concedíase un endebedamento adicional de 8,9 millóns para sanear os déficits non recollidos do ano 2002 e anteriores, así como a anulación de dereitos recoñecidos antes referida. Para o ano 2006 a USC debería elaborar un orzamento en equilibrio, sen recurso ao endebedamento, comprometéndose ademais a que no prazo dos dous anos seguintes non se incorporarían gastos comprometidos ao exercicio seguinte. **En total o PEEF contemplaba unha autorización de endebedamento de 38,5 millóns de euros, aos que hai que engadir os 7,6 millóns que xa se arrastraban do exercicio 2001.**

O cumprimento do planificado e comprometido no Plan de Equilibrio Económico Financeiro foi escrupuloso, dende o ano 2005 a USC non asumíu nova débeda, e **xa amortizou a cantidade de 12,4 millóns de euros** –ver cadro adxunto–, sendo o saldo de débedas a 31/12/2009 de 33,9 millóns de euros.

Xunto ao anterior, e tal como estaba comprometido no PEEF, **as liquidacións dos exercicios 2008 e 2009 realizáronse en equilibrio e sen incorporar gasto executado neses anos ao exercicio seguinte.** É máis, no caso do ano 2009 os remanentes non afectados que se incorporan ao

exercicio 2010 van a permitir compensar a diminución dos recursos consignados no orzamento para este ano, mantendo así a capacidade de gasto da USC.

Polo que respecta ao Orzamento para o ano 2010, e o endebedamento nel contemplado de ata 10 millóns de euros, o Equipo de Goberno da USC considerou necesario un recurso ao endebedamento neste ano complicado dende o punto de vista dos ingresos da Universidade, antes que recortar gasto nesa contía. De novo sería necesario parar políticas de persoal que consideramos imprescindibles para o futuro da USC. En todo caso, tal como se avanzou aos Órganos de Goberno, este endebedamento non será executado durante o mandato deste equipo, polo que o novo Goberno da USC poderá exercer a opción de non endebedarse, recortando o gasto nesa contía, no caso de que o considere máis acaído.

Tamén, tal e como nos comprometemos diante dos Órganos de Goberno, na presentación da liquidación provisional do ano 2009 recolleremos todas as obras e equipamentos que están en marcha, aínda que a súa execución se prorrogue ata o ano 2011. **En todos os casos teñen garantido os recursos necesarios para a súa conclusión**, non sendo necesario imputar ningún euro aos orzamentos do exercicio 2011 ou futuros.

Ao noso xuízo estes datos reflicten con claridade a correcta planificación e execución dun proceso de recondución dunha grave situación económico-financeira na USC. A débeda adquirida como parte dese proceso xa está nun constante e significativo proceso de amortización e, en todo caso, supuxo non ter que afrontar recortes traumáticos e irreparables en distintos capítulos da nosa Universidade, nomeadamente no seu cadro de persoal. Foi unha aposta por non dar pasos atrás pero planificando cun enorme rigor os pasos adiante, para que non foran en falso.

Se deste informe se derivase algunha dúbida, non deixe de consultala no enderezo de correo electrónico que aparece nesta páxina.

[Prema aquí](#) se quere acceder a máis información sobre a situación económica da USC.

PRÉSTAMOS BANCARIOS A 31 DECEMBRO DO 2009

ENTIDADE FINANCEIRA	ANUALIDADES									TOTALS	
	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009		
CAIXA GALICIA	7.801.137,12			13.580.000,00							21.381.137,12
SANTANDER-03			9.500.000,00								9.500.000,00
SANTANDER-04				8.900.000,00							8.900.000,00
CAIXANOVA					6.600.000,00						6.600.000,00
	7.801.137,12	0,00	9.500.000,00	22.480.000,00	6.600.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	46.381.137,12
AMORTIZACIÓNS	195.028,43	780.113,72	780.113,72	780.113,72	0,00	678.571,43	2.812.861,22	3.189.020,87	3.191.916,13		12.407.739,24
DÉBEDA A 31/12/ANO	7.606.108,69	6.825.994,97	15.545.881,25	37.245.767,53	43.845.767,53	43.167.196,10	40.354.334,88	37.165.314,01	33.973.397,88		33.973.397,88